

CONCELLO DE VIGO		PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA	
Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170		CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2 Páxina 1 de 39
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

PRAZA DA PORTA DO SOL
(CONCELLO DE VIGO – CONCELLERÍA DE PATRIMONIO HISTÓRICO)



FESTIVAL TAC!
[13/06/2024 a 14/07/2024]

Versión interactiva do PAE:




CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABAJO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2	Páxina 2 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

ÍNDICE

1. DESCRICIÓN XERAL DAS INSTALACIÓNS	5
1.1. SITUACIÓN.....	5
1.2. ACCESOS PARA VEHÍCULOS DE EMERXENCIAS	6
1.3. CENTROS HOSPITALARIOS MÁIS PRÓXIMOS	6
1.4. DESCRICIÓN DO ENTORNO	7
1.5. DESCRICIÓN DO EVENTO.....	8
1.6. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DOS RISCOS	11
1.7. OCUPACIÓN MÁXIMA PREVISIBLE.....	16
2. TIPOS DE EMERXENCIAS	17
3. MEDIOS DE PROTECCIÓN	18
3.1. MEDIOS TÉCNICOS.....	18
3.2. SAÍDAS E VÍAS DE EVACUACIÓN	19
3.3. MEDIOS HUMANOS.....	20
4. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS	24
5. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA	33
5.1. RESPONSABILIDADE.....	33
ANEXO 1 – DIRECTORIO TELEFÓNICO DE EMERXENCIAS	34
ANEXO 2 – MENSAXE DE EVACUACIÓN	35
ANEXO 3 – COORDINACIÓN CON CONTRATAS.....	36
ANEXO 4.1 – PRODUCCIÓN TÉCNICA DO EVENTO	37
ANEXO 4.2 – SERVIZO DE AMBULANCIAS	38
ANEXO 5 - PLANOS	39

 CONCELLO DE VIGO Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2	Páxina 3 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

ANTECEDENTES

O presente documento “PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA” redáctase para a súa aplicación no **FESTIVAL TAC!**, que terá lugar do día 13 de xuño ao 14 de xullo de 2024, na Praza da Porta do Sol en Vigo, en horario variable de mañá e tarde.

A Concellería DE PATRIMONIO HISTÓRICO do Concello de Vigo contratou a PREVENTECNIA o deseño dun Plan de Emerxencia, para poder dar cumprimento aos requisitos solicitados polo Concello de Vigo para conceder autorización de ocupación temporal do espazo público, en base ao establecido no artigo 42.2 letra b) da Lei 9/2013 do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

OBXECTO

Este documento preséntase ao organizador do evento como proposta a fin de que este poida cumprir os requisitos de Concello de Vigo, e ten como obxectivo:

1. Establecer as posibles situacións de emerxencia que poidan darse no desenvolvemento da actividade en base aos riscos ou situacións de risco que foron detectados. Entenderase como situación de emerxencia todo suceso ou sinistro que xere un risco potencial para as persoas e/ou bens da entidade ou terceiros.
2. Establecer as pautas de actuación ante as distintas situacións de emerxencia consideradas para:
 - Difundir a emerxencia tras a detección da mesma.
 - Combater o sinistro na súa fase inicial.
 - Dirixir a evacuación do persoal a zonas de seguridade
 - Prestar axuda ás posibles vítimas.
 - Comunicarse e cooperar cos organismos e servizos públicos.
 - Todo iso co mellor aproveitamento de medios técnicos e humanos dispoñibles.
3. O obxectivo último do PLAN DE EMERXENCIA é lograr a eliminación ou redución das posibles situacións de emerxencia que se poidan producir durante o evento, e a preparación dunha resposta que permita reducir ao mínimo as consecuencias da emerxencia no caso de que esta chegue a materializarse.

Na aplicación do presente Plan de Actuación en Caso de Emerxencia debe terse presente que o seu obxectivo primordial é salvagardar a vida das persoas, para o que todos os traballadores do evento deberán coñecer as medidas de actuación a seguir en caso de emerxencia.

 CONCELLO DE VIGO Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABAJO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2	Páxina 4 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

METODOLOXÍA

Para a elaboración do presente informe tamén se tiveron en consideración algúns criterios técnicos expostos en:

- DECRETO 172/2022, do 6 de outubro, polo que se aproba o Catálogo de actividades que deben adoptar medidas de autoprotección e polo que se fixa o contido desas medidas. **Aplicación non obrigatoria ao tratarse dun espazo aberto cun aforo inferior a 10.000 persoas.**
- DECRETO 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.

A estes efectos tívose en conta:

- As características do recinto e instalacións, dos almacenamentos e proceso produtivo así como os aspectos relacionados coa actividade laboral que poidan incidir no desenvolvemento dunha emerxencia.
- As instalacións e medios de protección dispoñibles.
- Os medios humanos dispoñibles para o desenvolvemento da actividade.

O presente Plan de Emerxencia foi elaborado por **Pedro Murciego Delgado** quen en base aos seus coñecementos, experiencia, titulacións e atribucións levou a cabo, para o **FESTIVAL TAC!**:


- *A Identificación, análise e avaliación de situacións de risco que poidan afectar á vida e integridade das persoas e ao patrimonio.*
- *A planificación, organización e control das actuacións precisas para a implantación das medidas conducentes a previr, protexer e reducir a manifestación de riscos de calquera natureza con medios e medidas precisas, mediante a elaboración e desenvolvemento dos plans de seguridade aplicables.*

CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABAJO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2	Páxina 5 de 39
EVENTO: FESTIVAL TAC!- 13/06/2024 a 14/07/2024			

1. DESCRICIÓN XERAL DAS INSTALACIÓNS

1.1. SITUACIÓN

O evento ten lugar na Praza da Porta do Sol, que está situada no centro urbano de Vigo. (Coordenadas: 42.2377, -8.7248)



VER PLANO 1 NO ANEXO 5

 <p>CONCELLO DE VIGO</p> <p>Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170</p>	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	<p>CENTRO DE TRABAJO:</p> <p>PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo</p>	<p>CONCELLERÍA:</p> <p>PATRIMONIO HISTÓRICO</p>	<p>DATA:</p> <p>22/03/2024</p>
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

1.2. ACCESOS PARA VEHÍCULOS DE EMERXENCIAS

O evento ten lugar nunha praza peonil.


Os accesos principais á Praza da Porta do Sol, son os seguintes:

Acceso Este: Por Policarpo Sanz

Acceso Oeste: Por rúa Elduayen

Acceso Sur: Por rúa Doutor Cadaval

Acceso Norte: Por rúa Carral / Marqués de Valladares / Reconquista



1.3. CENTROS HOSPITALARIOS MÁIS PRÓXIMOS

HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO
Abierto 24h – a 7,4 km



Estrada de Clara Campoamor, Vigo
Teléfono: 986 81 11 11

P.A.C. PIZARRO
Horario Variable* – a 2,2 km



Rúa Pizarro 22, Vigo
Teléfono: 986 23 60 59

* De lunes a sábado, de 15 a 8 horas
y Domingos y festivos, 24 horas

HOSPITAL RIBERA POVISA**
Abierto 24h – a 2,8 km



Rúa de Salamanca, 5, Vigo
Teléfono: 986 413 144

HOSPITAL VITHAS**
Abierto 24h – a 2,8 km




Vía Norte, 48, Vigo
Teléfono: 986 821 101

** hospital privado

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2
	CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	Página 7 de 39	
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

1.4. DESCRICIÓN DO ENTORNO

A praza na que ten lugar o evento (Praza da Porta do Sol) ten unha superficie total de 4.200 m². Toda a zona é peonil. Como escenario para o evento utilizarase o escenario fixo existente no acceso á praza dende a rúa Policarpo Sanz.



O evento celébrase na vía pública e non se acoutará o ámbito do mesmo, de maneira que o acceso e a circulación polo espazo no que se celebra o evento é totalmente libre.

A praza da Porta do Sol constitúe un espazo non delimitado, tal e como está definido no DECRETO 172/2022, xa que o evento ten lugar nun espazo ao aire libre que non está acoutado por peches, particións ou outros elementos perimetrais especificamente instalados para crear este espazo.

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABAJO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2
	CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	PATRIMONIO HISTÓRICO	Página 8 de 39
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			


1.5. DESCRICIÓN DO EVENTO

TAC! é un festival anual, organizado polo Ministerio de Vivenda e Axenda Urbana en colaboración coa Fundación Arquia, que promove a innovación e experimentación na arquitectura a través da construción dun pavillón temporal en diferentes cidades da xeografía española.

O festival une a arquitectura contemporánea, a práctica nova, a reflexión sobre o urbano e o social mediante encontros e actividades culturais en torno ao pavillón que dialogarán coa cidadanía. O evento está destinado a público de tódalas idades.


O evento celébrase na vía pública, nun grande espazo non delimitado: na Porta do Sol.

Instalarase un pavillón temporal no centro da Praza que consiste nunha grande estrutura con forma de batea de mexillón, adornada con redes de pesca.



Para unha parte das actividades culturais (concertos, danza, etc...) utilizarase o escenario de obra existente na praza, que será ampliado cunha superficie escénica de 10x12 metros. O escenario quedará inaccesible ao público mediante a instalación de valado baixo perimetral.

Fronte ao escenario, tendo en conta a xeometría da praza, e tanto os elementos fixos coma eventuais que impiden a visión do mesmo, a superficie útil para o público é de aproximadamente 950 m².



VER PLANO 2 NO ANEXO 5

 Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABAJO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2	Páxina 9 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

PROGRAMA DE ACTIVIDADES POR DATA

13 xuño		Inauguración
Ventes	10.00-13.30	Taller jardines dirigido a toda la ciudadanía
14 xuño	16.30-21.00	
	17.30	Presentación audiovisual arquitectura urbana de Vigo
	18.30	Pasacalles grande (Pasarrúas) "Iquatuke"
	20.00	Orquesta KV2211 "música, piar na educación"
Sábado	10-14	Vigosónico juega (juegos de mesa)
15 xuño	12.30	Banda música Unión musical de Coruxo
	18.30	Grupo pop grande "Vic and the Michaels blues band"
	20.00	Banda de gaitas Atlántida
Domingo	12.30	Banda música Lira de San Miguel de Oia
16 xuño	18.15-19.45	Danza
	20.00	Coral polifónica San Roque
17 xuño	10.00-13.30	Vigofilmoffice mesas redondas "Vigo, el plató de las mil historias"
	19.00	Actividades infantiles pequeñas "Pinga pinga"
	20.30	Teatro: grupo ARRORRÓ (Escuela municipal de teatro)
18 xuño	11.30-12.30	Talleres dirigidos a personas mayores de 65 años (avellentamento activo)
	12.30	Concierto: Mayeysis conexións folk
	19.00	Teatro "As nubes". Escuela municipal de teatro.
	20.00	Combos (Escuela municipal de música)
19 xuño	11.30-12.30	Talleres dirigidos a personas mayores de 65 años (avellentamento activo)
	12.30	Orquesta infantil "Son das flores"
	18.30	Actividad infantil pequeña "globotolo"
	20.00	Bandas de la escuela municipal de música
Venres	11.30-12.30	Talleres dirigidos a personas mayores de 65 años (avellentamento activo)
20 xuño	12.30	Concierto Mayeysis conexións clásicos
	20.30	Grupo danzas tradicionales (Escuela municipal de danza)
Sábado	09.00-20.00	Actividad APAMP (Asociación de familias de personas con parálisis cerebral) "Sentada na rúa"
21 xuño	19.00	Actividad infantil pequeña "abordaxe pirata"
	20.30-21:30	Banda gaitas e percusión (Escuela municipal de música folk y tradicional)
Domingo	10.00-14.00	Vigosónico juega (juegos de mesa)
22 xuño	11.30	Banda de gaitas
	19.00	Danza
	20.00-21:00	Coral Casablanca Concepción Arenal
23 xuño	12.30	Banda música Escola de música de Beade
	19.00-19.45	Danza
24 xuño	10.00-14.00	Talleres infantiles de dinamización
	19.00	Actividad infantil grande "Ourizos agarimosos"
	20.00	Orquesta KV2211 "Música, piar na educación"
25 xuño	10.00-14.00	Talleres infantiles de dinamización
	18.30-19.30	Mesa de debate intergeneracional
	20.00	Grupo "Zanfona ensemble" (Escuela municipal de música folk y tradicional)
26 xuño	10.00-14.00	Talleres infantiles de dinamización
	17.00-21.00	Vigosónico juega (juegos de mesa)
	21.00	Pasacalles pequeño (pasarrúas) "Animación rúa folk"
27 xuño	10.00-14.00	Talleres infantiles de dinamización
	17.00-21.00	Vigosónico juega (juegos de mesa)
	21.00	Pasacalles pequeño (pasarrúas) "Animación rúa folk"
Venres	10.00-14.00	Talleres infantiles de dinamización
28 xuño	Tarde	Acto 10 años programa de medianeras "Vigo ciudad de color"
Sábado	11.30	Banda de gaitas Cotogrande
29 xuño		
Domingo	12.30	Bandas UVCD de Candeán
30 xuño	20.00	Coral polifónica "O coto de Carballal"

Nota: Marcados en amarelo, os eventos que teñen consideración de "alta afluencia" e implican a presenza de C.P.E. e Ambulancia.

 Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABAJO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2	Páxina 10 de 39
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

1 xullo	10.00-14.00	Talleres juveniles de dinamización
	11.30-12.30	Talleres dirigidos a personas mayores de 65 años (avellentamento activo)
	16.00-20.00	Vigosónico (actividades musicales juventud)
2 xullo	10.00-14.00	Talleres juveniles de dinamización
	11.30-12.30	Talleres dirigidos a personas mayores de 65 años (avellentamento activo)
	16.00-20.00	Vigosónico (actividades musicales juventud)
3 xullo	10.00-14.00	Talleres juveniles de dinamización
	11.30-12.30	Talleres dirigidos a personas mayores de 65 años (avellentamento activo)
	16.00-20.00	Vigosónico (actividades musicales juventud)
4 xullo	10.00-14.00	Talleres juveniles de dinamización
	11.30-12.30	Talleres dirigidos a personas mayores de 65 años (avellentamento activo)
	20.00	Actividad infantil grande "Ollo piollo: sons da batea" Mesa redonda sobre cooperación y emigración
Venres 5 xullo	10.00-14.00	Talleres juveniles de dinamización
	11.30-12.30	Talleres dirigidos a personas mayores de 65 años (avellentamento activo)
	18.30	Conferencia sobre arquitecto Bar Boo *Sede COAG (colegio arquitectos)
	20.00	Grupo pop grande "Parthytime lovers"
Sábado 6 xullo	09.30-14.30	Jornadas arte urbano, talleres niños y batalla mural dentro del programa municipal de medianeras
	19.00-19.45	Danza
	20.00	Grupo pop pequeño "Mattiz"
Domingo 7 xullo	12.30	Banda Unión musical de Cabral
	20.30	Coral polifónica Agarimo
8 xullo	10.30-12.30	Vigo inclusivo (talleres dirigidos a personas con diversidad funcional)
	11.30-12.30	Talleres de danza mayores ("avellentamento activo")
	18.30	Conferencia sobre arquitectura de Vigo (el ensanche) *Sede COAG (colegio arquitectos)
9 xullo	10.30-12.30	Vigo inclusivo (talleres dirigidos a personas con diversidad funcional)
	11.30-12.30	Talleres de danza mayores ("avellentamento activo")
	19.00	Actividad infantil pequeña "Do maxin a realidade"
10 xullo	20.00	Grupo pop pequeño (Four passengers)
	10.30-12.30	Vigo inclusivo (talleres dirigidos a personas con diversidad funcional)
	11.30-12.30	Talleres de danza mayores ("avellentamento activo")
11 xullo	19.00-19.45	Danza
	20.00	Pasacalles pequeño (pasarrúas) "Animación rúa música tradicional"
	20.00	Grupo pop pequeño "Alberto Cunha"
Venres 12 xullo	10.30-13.30	Espacio abierto a la igualdad (actividades de promoción de la igualdad)
	17.00-21.00	
Sábado 13 xullo	10.00-21.00	Talleres de luces de Navidad
	18.30	Pasacalles grande "Iguatuke"
	20.00-21.00	Grupo pop pequeño "Se Kadra"
Domingo 14 xullo	12.00	Clausura.
	18.15-19.45	Danza (gala doble)
	20.00-21.00	Pasacalles pequeño "animación rúa folk"

Nota: Marcados en amarelo, os eventos que teñen consideración de "alta afluencia" e implican a presenza de C.P.E. e Ambulancia.

 Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo			
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2	Páxina 11 de 39	

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

1.6. INVENTARIO, ANÁLISE E AVALIACIÓN DOS RISCOS

Os riscos propios e externos que poderían afectar ao evento son os seguintes:

RISCOS PROPIOS	RISCOS EXTERNOS
<ul style="list-style-type: none"> Risco de caída de obxectos Risco de incendio Risco de contactos eléctricos Caída a distinto nivel Risco de emerxencia médica Risco de derrube de estruturas 	<ul style="list-style-type: none"> Risco por comportamentos Antisociais Risco por Ameaza de bomba/ataque terrorista Risco Climático Acceso de vehículos de emerxencias

METODOLOXÍA APLICADA

Para a determinación xenérica dos niveis de risco considéranse dous factores:

A **Probabilidade** de que se materialice un evento

As **Consecuencias** que a materialización dese evento tería.

A Probabilidade de que se materialice un evento pode ser:

- Frecuente:** acontece continuamente.
- Probable:** acontece varias veces na vida do sistema
- Ocasional:** acontece algunha vez na vida do sistema.
- Remoto:** improbable, pero podería acontecer na vida do sistema
- Improbable:** é moi improbable, polo que pode que non se produza nunca.

As Consecuencias da materialización dese evento pódense clasificar en:

- Catastrófico:** morte ou perda da instalación.
- Maior:** danos severos en persoas (accidente ou enfermidade) ou instalacións.
- Menor:** danos menores en persoas (accidente ou enfermidade) ou instalacións.
- Desprezable:** danos mínimos en persoas ou instalacións.

Co cal, o criterio para definir o Nivel de Risco dun evento en función da probabilidade de que aconteza, e das consecuencias que tería é o seguinte:

Probabilidade	Consecuencias			
	Catastrófico	Maior	Menor	Desprezable
Frecuente	A	A	A	C
Probable	A	A	B	C
Ocasional	A	B	B	D
Remoto	A	B	C	D
Improbable	B	C	C	D

Nivel de Risco	Significado	Consecuencias
A	INTOLERABLE	A instalación non está en condicións de uso seguro. É absolutamente indispensable adoptar medidas de protección adicionais.
B	INTERMEDIO	A instalación pódese usar, pero débense adoptar medidas de protección adicionais.
C	INTERMEDIO	A instalación pódese usar, pero sería aconsellable a adopción de medidas de protección adicionais.
D	TOLERABLE	Non é necesario adoptar medidas adicionais.

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA				
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABALLO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2 Páxina 12 de 39
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024				

RISCO DE CAÍDA DE OBXECTOS

Algúns dos elementos de luz e son estarán suspendidos diante e sobre o escenario, mediante o uso de estruturas metálicas homologadas.

Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel Risco	Medidas de Protección adicionais
Caída de obxectos	Improbable	Catastrófico	B INTERMEDIO	<p>As estruturas que se instalen e utilicen no evento deben estar homologadas e fabricadas de acordo a normas e estándares internacionais en materia de seguridade, calidade, resistencia e soldadura esixidos para a elevación de cargas.</p> <p>As estruturas e elementos de elevación serán montados e utilizados de acordo ao establecido no manual de usuario proporcionado polo fabricante e/o no plan de montaxe e utilización, nunca se superará a súa capacidade de carga máxima, e todos os elementos atoparanse en bo estado.</p> <p>Se as inclemencias do tempo (tormenta, vento, etc...) puidesen afectar as estruturas e/o elementos actuarase de acordo ás instrucións do fabricante e/o ao Plan de Montaxe e Utilización, suspendendo o evento en caso necesario.</p>

RISCO DE INCENDIO

Os equipos eléctricos do escenario e as mesas de control de luz e son, ou os grupos electrógenos poderían sufrir algún fallo técnico que derivase nun incendio.

Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel Risco	Medidas de Protección adicionais
INCENDIO	Improbable	Catastrófico	B INTERMEDIO	<p>Deben instalarse extintores no escenario, na mesa de control e no backstage. A produción do evento instalará un mínimo de 4 extintores de incendios, que deberán contar coa documentación que acredite o estado en vigor da revisión, o nivel de carga, eficacia, etc.</p> <p>Os equipos de son e luz, cableado e outros, estarán en todo momento protexidos e illados.</p> <p>Os grupos electrógenos deberán estar protexidos cun valado perimetral.</p> <p>Está prohibido o uso de material pirotécnico durante o evento, coa excepción de produtos de Categoría T1 (baixa perigosidade para o seu uso sobre escenario) utilizados de acordo ás instrucións do fabricante, e categoría T2 (para o seu uso sobre escenario, utilizados exclusivamente por expertos) utilizados exclusivamente por expertos.</p> <p>Para a instalación de elementos de escenografía que xeneren lume ou faíscas mediante a combustión de combustibles líquido ou gasosos, respectaranse as instrucións do fabricante, atendendo especialmente ás distancias de seguridade tanto na dirección do efecto coma no radio perimetral.</p> <p>Para a instalación de telóns, panos, teas, cubrementos de estruturas, elementos de escenografía, etc. a produción técnica deberá contar con documentos que acrediten tratamento retardante ao lume.</p> <p>Establecerase no presente Plan de Emerxencia un protocolo de actuación en caso de incendio.</p>

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA				
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABALLO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2 Páxina 13 de 39
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024				

RISCO DE CONTACTOS ELÉCTRICOS

Os equipos eléctricos do escenario e as mesas de control de luz e son, ou os grupos electróxeos poderían sufrir algún fallo técnico que poida producir contactos eléctricos directos ou indirectos.

Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel Risco	Medidas de Protección adicionais
CONTACTOS ELÉCTRICOS	Improbable	Catastrófico	B INTERMEDIO	<p>Os cadros eléctricos e/ou grupos electróxeos debe contar coa documentación que acredite o estado en vigor das revisións obrigatorias.</p> <p>No uso dos grupos electróxeos respectaranse todas as indicacións de seguridade establecidas polo fabricante no manual de instrucións.</p> <p>Instalar unha toma de terra axeitada, segundo o manual de instrucións do fabricante dos grupos electróxeos.</p> <p>Os equipos de son e luz, cableado e outros, estarán en todo momento protexidos e illados.</p> <p>O cableado que discorra polo chan debe estar protexido mediante unha armadura.</p> <p>Os grupos electróxeos deberán estar protexidos cun valado perimetral.</p>

RISCO DE CAÍDA A DISTINTO NIVEL

Se algunha persoa accede ao escenario ou as torres de son podería correr risco de caída en altura.

Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel Risco	Medidas de Protección adicionais
CAÍDA A DISTINTO NIVEL	Improbable	Catastrófico	B INTERMEDIO	A zona do escenario e backstage, incluídas a zona de instalación das torres de son, estará protexida con valos e o acceso ao escenario estará controlado por persoal da produción técnica.

RISCO DE AVALANCHA DE PERSOAS

Nas zonas de maior ocupación podería producirse unha avalancha de xente. Esta avalancha podería estar ocasionada pola acumulación de persoas tratando de acceder ás primeiras filas, ou un evento repentino como unha pelexa, a explosión dun petardo, etc...

Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel Risco	Medidas de Protección adicionais
AVALANCHA DE PERSOAS	Improbable	Catastrófico	B INTERMEDIO	O frontal do escenario estará protexido con valado antiavalancha.

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA				
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABALLO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2 Páxina 14 de 39
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024				

RISCO DE EMERXENCIA MÉDICA

Durante o evento poden producirse situacións de emerxencia médica. Calquera persoa do público ou da organización que sufra un accidente ou indisposición debe poder ser atendida no menor tempo posible.

Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel Risco	Medidas de Protección adicionais
EMERXENCIA MÉDICA	Improbable	Catastrófico	B INTERMEDIO	<p>Tal e coma establece a normativa, durante as actividades no escenario, en horario de tarde, estará presente unha ambulancia de tipo B con 2 T.E.S., Situada nun punto fixo e actuando como <i>local sinalizado de primeiros auxilios</i>. Tamén existe a opción de dotar y sinalizar como local de primeiros auxilios o local municipal da antiga Xoiería Pato, no nº 13 da praza, e a presenza dunha persoa con coñecementos acreditados en ASI⁽¹⁾.</p> <p>Durante as actividade en horario de mañá, menos concorridas, será suficiente contar cun botiquín de primeiros auxilios</p> <p>Establecerase no presente Plan de Emerxencia un protocolo de actuación en caso de emerxencia médica.</p>

(1) Artigo 12.2 do Decreto 226/2022, do 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos..

RISCO DE DERRUBE DE ESTRUTURAS

O evento celébrase nunha praza baixo a que existe un túnel. Parte das estruturas utilizadas, concretamente a torre de son norte, estará situada sobre a lousa de formigón que cobre o túnel.

Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel Risco	Medidas de Protección adicionais
DERRUBE DE ESTRUTURAS	Improbable	Catastrófico	B INTERMEDIO	<p><u>ESTRUTURAS DO EVENTO</u></p> <p>As estruturas metálicas para a suspensión dos equipos de luz e son utilizadas para o evento deben estar homologadas e fabricadas de acordo ás normas e estándares internacionais en materia de seguridade, calidade, resistencia e soldadura esixidos para a elevación de cargas con estruturas metálicas.</p> <p>As estruturas e os seus elementos auxiliares serán montados de acordo ao establecido no correspondente proxecto e/ou manuais de usuario e/ou proxecto e/ou certificado de idoneidade. Nunca se superará a capacidade de carga máxima dos equipos de elevación, e todos os elementos atoparanse en bo estado.</p> <p><u>ESTRUTURAS EXISTENTES</u></p> <p>Segundo informa o Concello de Vigo, a sobrecarga máxima sobre a laxa de formigón que cobre o túnel é de 20 kN/m².</p> <p>Por outra banda, o pavimento da praza, de lousa de granito, ten un límite máximo de carga fronte ao punzamento.</p> <p style="text-align: center;">VER PLANO 3 EN ANEXO 5</p> <p>Os equipos técnicos utilizados no evento, polas súas dimensións e características, están moi por debaixo do límite de sobrecarga. En todo caso, para evitar o risco de punzamento do pavimento, baixo os apoios das torres de son é imprescindible a utilización de elementos de reparto de carga, axeitadamente dispostos, de áreas efectivas da orde de 0,25 m² sobre o pavimento da praza, garantindo unha correcta transmisión de cargas.</p>

 Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
	CENTRO DE TRABAJO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2 Páxina 15 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!- 13/06/2024 a 14/07/2024

RISCOS EXTERNOS

Analizadas las inmediacións considérase que non existen actividades de risco próximas ao ámbito do evento.

Os riscos externos a ter en conta son os seguintes:


Risco	Probabilidade	Consecuencia	Nivel Risco	Medidas de Protección adicionais
COMPORTAMIENTOS ANTISOC.	Remoto	Menor	C INTERMEDIO	Calquera membro do persoal que observe ou sexa informado de roubos, agresións, disturbios, accesos non autorizados, etc... O comunicará inmediatamente ao Coordinador do Plan de Emerxencia, que dará aviso á Policía. Establecerase no presente Plan de Emerxencia un protocolo de actuación.
AMEAZA DE BOMBA - ATAQUE TERRORISTA	Remoto	Catastrófico	C INTERMEDIO	Recorrerase á Policía Nacional inmediatamente, en caso de recibirse unha ameaza de bomba. O Ministerio do Interior, na data de elaboración do presente documento, ten establecido o nivel 4 (alto) de Alerta Antiterrorista. A organización do evento atenderá a todos os requirimentos das Forzas e Corpos de Seguridade en relación a esta ameaza. Establecerase no presente Plan de Emerxencia un protocolo de actuación.
RISCO CLIMÁTICO	Ocasional	Menor	C INTERMEDIO	En caso de alerta climatolóxica atenderase ás indicacións das autoridades de Protección Civil, suspendendo o evento se fose necesario. Establecerase no presente Plan de Emerxencia un protocolo de actuación.
ACCESO SERV. EMERX.	Improbable	Menor	B INTERMEDIO	Se por algún motivo é necesario que vehículos dos servizos de emerxencias accedan ás zonas peonís nas que se desenvolve o evento, o persoal de emerxencias asegurarse de que o espazo queda libre para o seu paso. Na zona Sur da Batea debe haber unha franxa de 4 metros de ancho despexada de obxectos que garanta o paso de vehículos de emerxencia en todo momento. Ver plano 4 en Anexo 5. Establecerase no presente Plan de Emerxencia un protocolo de actuación.
FUGA DE GAS	Remoto	Catastrófico	B INTERMEDIO	Calquera membro do Persoal que observe ou sexa informado dunha fuga de gas no entorno das actividades comunicará inmediatamente ao Coordinador do Plan de Emerxencia, que dará aviso a CAE112 e ao Servizo de Extinción de Incendios. Establecerase no presente Plan de Emerxencia un protocolo de actuación.
INUNDACIÓN POR ROTURA DE CANO	Remoto	Menor	C INTERMEDIO	Calquera membro do Persoal que observe ou sexa informado dunha fuga de auga no entorno das actividades o comunicará inmediatamente ao Coordinador do Plan de Emerxencia, que dará aviso á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios. Establecerase no presente Plan de Emerxencia un protocolo de actuación.

 CONCELLO DE VIGO Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2 Páxina 16 de 39
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

1.7. OCUPACIÓN MÁXIMA PREVISIBLE

Como está indicado no punto 1.4. de este documento, a superficie útil para o público é de 950 m², por lo que, aplicando o establecido na normativa de referencia vixente en Galicia⁽¹⁾, na que se define como **capacidade dos espazos abertos ao público** o número máximo de persoas que teñen cabida no devandito espazo aplicando a fórmula de 2 persoas por cada metro cadrado de espazo computable.:

**A capacidade é de
950 x 2= 1.900 persoas**




Ao ser inferior a 10.000 persoas non é de aplicación a normativa relativa a Plans de Autoprotección, pero si é necesario deseñar o presente Plan de Emerxencia.

Na seguinte táboa comprobaremos a validez das vías de evacuación para a capacidade do espazo:

	NORMATIVA DE REFERENCIA	OBSERVACIÓNS																								
SAÍDAS	<p>CTE Código Técnico da Edificación Sección SI3, apartado 4.2:</p> <p style="text-align: center;"><i>En zonas ao aire libre:</i> Pasos, corredores e ramplas $A \geq P / 600$</p> <p style="text-align: center;"><i>Escaleiras</i> $A \geq P / 480$</p> <p><i>A = Anchura do elemento, [m]</i> <i>P = Número total de persoas cuxo paso está previsto polo elemento.</i></p>	<table border="1" style="width: 100%; border-collapse: collapse; margin-bottom: 10px;"> <thead> <tr style="background-color: #cccccc;"> <th style="width: 30%;">Saídas</th> <th style="width: 20%;">Anchura</th> <th style="width: 50%;">Capacidade</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>1. Lateral Escenario N</td> <td>5,20 m</td> <td>3.120 persoas</td> </tr> <tr> <td>2. Lateral Escenario S</td> <td>4,75 m</td> <td>2.850 persoas</td> </tr> <tr> <td>3. Rúa do Príncipe</td> <td>11,40 m</td> <td>6.840 persoas</td> </tr> <tr> <td>4. Rúa Dr. Cadaval</td> <td>5,50 m</td> <td>3.300 persoas</td> </tr> <tr> <td>5. Lateral Batea S</td> <td>7,90 m</td> <td>4.740 persoas</td> </tr> <tr> <td>6. Lateral Batea N</td> <td>4,50 m</td> <td>2.700 persoas</td> </tr> <tr style="font-weight: bold;"> <td>Total:</td> <td>39,25 m</td> <td>23.550 persoas</td> </tr> </tbody> </table> <p><small>Debido ás súas características, non se consideran as rúas Carral e II República para o cálculo.</small></p> <p>Tal e como establece a normativa, a distribución dos ocupantes entre as saídas a efectos de cálculo débese facer supoñendo inutilizada unha delas, baixo a hipótese máis desfavorable:</p> <p>Supoñendo bloqueada a Saída 3, compróbase que o resto de saídas son suficientes para evacuar a 1.900 persoas do ámbito do evento:</p> <p style="text-align: center;">A=27,85 m P=1.900 persoas</p> <p>Considerando bloqueada a saída da rúa do príncipe, teriamos 5 saídas para unha ocupación de 1.900 persoas</p> <p style="text-align: center;">1.900/5= aprox 380 persoas por saída</p> <p style="color: green;">Tal e coma se pode apreciar na táboa de arriba, a capacidade de evacuación de cada unha das 5 saídas dispoñibles é moi superior a 400 persoas.</p> <p style="text-align: center; color: green; font-weight: bold;"><u>CUMPRE</u></p>	Saídas	Anchura	Capacidade	1. Lateral Escenario N	5,20 m	3.120 persoas	2. Lateral Escenario S	4,75 m	2.850 persoas	3. Rúa do Príncipe	11,40 m	6.840 persoas	4. Rúa Dr. Cadaval	5,50 m	3.300 persoas	5. Lateral Batea S	7,90 m	4.740 persoas	6. Lateral Batea N	4,50 m	2.700 persoas	Total:	39,25 m	23.550 persoas
Saídas	Anchura	Capacidade																								
1. Lateral Escenario N	5,20 m	3.120 persoas																								
2. Lateral Escenario S	4,75 m	2.850 persoas																								
3. Rúa do Príncipe	11,40 m	6.840 persoas																								
4. Rúa Dr. Cadaval	5,50 m	3.300 persoas																								
5. Lateral Batea S	7,90 m	4.740 persoas																								
6. Lateral Batea N	4,50 m	2.700 persoas																								
Total:	39,25 m	23.550 persoas																								

VER PLANO 5 EN ANEXO 5

(1) DECRETO 124/2019, do 5 de setembro, polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia e se establecen determinadas disposicións xerais de aplicación na materia.

 CONCELLO DE VIGO Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2 Páxina 17 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

2. TIPOS DE EMERXENCIAS

A definición de emerxencia é “*unha situación de perigo ou desastre que require unha acción inmediata*”. Podemos considerar “Situacións de Emerxencia” aquelas situacións límites ou extremas consecuencia de terse producido un sinistro, e que poden demandar unha rápida actuación de salvamento, evacuación e primeiros auxilios aos accidentados.

As emerxencias son situacións de desastre ou situacións de perigo grave para a saúde das persoas (que participan no evento ou alleas), as instalacións (propias ou alleas) ou o medio ambiente, que interrompen a continuidade do traballo e que requiren de acción inmediata e urgente.

O tipo de emerxencias, en función da súa orixe, que se poden dar no evento que nos ocupa son as seguintes:

- INCENDIO
- EMERXENCIA MÉDICA
- AVALANCHA DE PERSOAS
- SUCESOS DERIVADOS DE COMPORTAMENTOS ANTISOCIAIS
- AMEAZA DE BOMBA
- RISCO CLIMÁTICO
- ACCESO DE SERVIZOS DE EMERXENCIAS

Outra clasificación das emerxencias que se pode efectuar é en función da súa gravidade de consecuencias e dos recursos e accións que precisan:

1. **CONATO DE EMERXENCIA**
2. **EMERXENCIA PARCIAL**
3. **EMERXENCIA XERAL**
4. **CONATO DE EMERXENCIA**

Accidente que pode ser controlado e dominado de xeito sinxelo e rápido polo persoal e medios de protección do local, dependencia ou sector. Non soe requiren de evacuación.

5. EMERXENCIA PARCIAL.

Para ser dominada require a actuación dos equipos de emerxencia do sector. Os efectos da emerxencia parcial quedan limitados a un sector e non afectarán a outros sectores lindantes nin a terceiras persoas. Pode requiren de evacuación parcial do lugar de traballo.

6. EMERXENCIA XERAL

Accidente que precisa a actuación de tódolos equipos e medios de protección do establecemento e a axuda de medios de socorro e salvamento exteriores. Implica a evacuación de persoas de determinados sectores. Pode tratarse de evacuación xeral de todo o lugar de traballo.

EVACUACIÓN

A evacuación debe ser levada a cabo para protexer a vida das persoas no caso de emerxencia. En principio son dous os tipos de emerxencias que poden conlevar a evacuación dos espazos:

- INCENDIO (nas propias actividades, ou nas vivendas dos edificios próximos)
- AMEAZA DE BOMBA





No caso de estar só, no caso de risco grave e inminente para a súa integridade física, o traballador está no seu dereito de decidir interromper o seu traballo e, se é preciso, abandonar o seu posto de traballo para poñer a salvo a súa propia vida. Acudirá a un lugar seguro e dará aviso da emerxencia aos seus superiores, os equipos de emerxencia e á axuda externa.

CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

3. MEDIOS DE PROTECCIÓN

3.1. MEDIOS TÉCNICOS

MEDIOS TÉCNICOS		UBICACIÓN
EXTINTORES		4 extintores: 2 en Escenario*, 1 en Mixer*, 1 en Batea.
AMBULANCIA*		Na Rúa Dr. Cadaval. Ambulancia SVB Tipo B
VALADO PERIMETRAL		Pechando o perímetro da zona do escenario e o Backstage.
SISTEMA DE MEGAFONÍA*		A ámbolos dous lados do escenario.

* Recursos dispoñibles só nos eventos maior afluencia (ver Programa de Actividades por Data no punto 1.5 do presente documento)




VER PLANO 4 NO ANEXO 5

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

3.2. SAÍDAS E VÍAS DE EVACUACIÓN

É esencial un movemento ordenado das persoas polos percorridos previstos coma vías de evacuación. **Antes do inicio da actuación comprobarase que non existen obstáculos nas saídas que se citan neste punto do documento.**



VER PLANO 5 EN ANEXO 5


PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
	CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

3.3. MEDIOS HUMANOS

Os Medios humanos necesarios son as seguintes figuras e Equipos de Emerxencias:

- **CPE:** Coordinador do Plan de Emerxencia (Responsable do Retén)
- **EPI:** Equipo de Primeira Intervención (Prod.Técnica) MÍNIMO 2 PERSOAS
- **EPA:** Equipo de Primeiros Auxilios (Servizo de Ambulancias) MÍNIMO 1 PERSOA

(En adiante empregaranse as abreviaturas)



Os nomes e os teléfonos de contacto están dispoñibles
no Anexo I do presente documento

Os compoñentes dos equipos irán identificados mediante camisetas de organización,
acreditacións, etc...

No caso so persoal do SERVIZO DE AMBULANCIAS vestirán a súa uniformidade
habitual.

 CONCELLO DE VIGO Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo		
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2	Páxina 21 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

CPE

COORDINADOR DO PLAN DE EMERXENCIA

FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES

Estará dispoñible durante os eventos de maior afluencia (ver *Programa de Actividades por Data* no punto 1.5 do presente documento) unha persoa designada pola Organización do evento, que asumirá as funcións de Coordinador do Plan de Emerxencia (C.P.E.).

CONCELLO DE VIGO



- É o máximo responsable da estrutura organizativa do Plan de Emerxencia, e o encargado de poñelo en marcha.
- Estará presente na zona do evento durante os eventos de maior afluencia (actividades no escenario en horario de tarde/noite) e sempre localizable.
- Verificará que se dispoñe dos medios de autoprotección humanos e técnicos establecidos no presente documento, organizando a súa distribución no ámbito do evento.
- Antes do inicio do evento, asegurarse de que non existen obstáculos nas saídas da zona.

FUNCIÓNS EN CASO DE EMERXENCIA:

- O **C.P.E.** será informado inmediatamente ante calquera incidencia durante o evento. Valorará a emerxencia, e se o considera necesario, enviará as axudas internas necesarias, e/ou solicitará a presenza de Servizos externos de Emerxencias, a través do CAE112.
- En caso de emerxencias graves informará inmediatamente ao CAE112 das características da emerxencia.
- Recibirá aos Servizos Externos de Emerxencias externos, cedéndolles o mando e colaborando en todo canto sexa requirido.
- En función natureza e da evolución da emerxencia:
 - Decretará a fin da emerxencia.
 - Decidirá a suspensión do evento. Se fose necesario, ordenará ao servizo de megafonía (se está dispoñible) o anuncio da suspensión do evento.

COÑECEMENTOS NECESARIOS:

- Coñecerá o presente Plan de Emerxencia.
- Coñecemento completo do espazo no que se celebra o evento.
- Teléfonos dos responsables dos equipos de emerxencia.
- Teléfonos dos servizos externos de emerxencia.

CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

EPI

EQUIPO DE PRIMEIRA INTERVENCIÓN

FUNCÍONS E RESPONSABILIDADES



O Equipo de Primeira Intervención (E.P.I.) estará integrado por persoal da Producción Técnica do Evento, cun mínimo de 2 persoas. Estará dispoñible durante os eventos de maior afluencia (ver *Programa de Actividades por Data* no punto 1.5 do presente documento).

Os responsables dos equipos permanecerá en contacto directo co CPE.

Estarán presentes no escenario e backstage durante a actuación.

Funcións e Responsabilidades:

1. Comunicar ao **C.P.E.** calquera situación de emerxencia. (Ver teléfonos en Anexo 1)
2. En horario de baixa afluencia, realizar as chamadas aos servizos externos de emerxencia
3. Intervir en caso de incendio.
4. Evitar accesos non autorizados.
5. Colaborar en la evacuación dos espazos en caso necesario.

PRIMEIRA INTERVENCIÓN EN CASO DE INCENDIO

Acudir á chamada en caso de emerxencia.

Avaliar a posibilidade de controlalo cos medios dispoñibles (extintores)

Desconectar inmediatamente o grupo electrógeno utilizando o interruptor de parada de emerxencia.

Atacar ao lume o máis rapidamente posible. Se non o poden extinguir, evitar a propagación do mesmo confinando o lume, se é posible.

EVITAR ACCESOS NON AUTORIZADOS

Os membros do **E.P.I.** se distribuirán na zona del escenario e mixer, permanecendo atentos a calquera intento de acceso no autorizado.

EVACUACIÓN DOS ESPAZOS

Se o **C.P.E.** ordena a evacuación, os membros do equipo dirixirán aos presentes na zona do escenario e backstage cara ao exterior, revisando todas as zonas.

Unha vez evacuados os ocupantes da súa zona, os membros do equipo comprobarán que non queda ninguén no aseo, revisando baixo e tras o escenario.

Finalizada a evacuación acudirán ao Punto de Reunión:
Xunto á Ambulancia, na rúa Dr. Cadaval

Coñecementos necesarios dos membros do E.P.I.:

- Coñeceran o presente Plan de Emerxencia.
- Teléfono do C.P.E.
- Teléfonos dos membros dos equipos de emerxencias (Anexo 1 do Plan)
- Coñecemento completo da montaxe
- Coñecementos en extinción de incendios

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABALLO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

EPA**EQUIPO DE PRIMEIROS AUXILIOS**

FUNCIÓNS E RESPONSABILIDADES

O Equipo de Primeiros auxilios (E.P.A.) estará dispoñible durante os eventos de maior afluencia (ver *Programa de Actividades por Data* no punto 1.5 do presente documento) formado por persoal sanitario do Servizo de Ambulancias (un mínimo de 2 persoas) que conta cos coñecementos e os medios técnicos adecuados para a prestación dos primeiros auxilios.



Está prevista a presenza dos seguintes medios:

Empresa de ambulancias	Empresa de Producción Técnica
1 Ambulancia asistencial de SVB TIPO B con 2 Técnicos en Emerxencias Sanitarias.	1 Botiquín de primeiros auxilios

Funcións e responsabilidades:

- Aplicar os primeiros auxilios aos lesionados nunha emerxencia.
- Decidir a necesidade da prestación de axuda externa.

CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	DATA: 22/03/2024	
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO			

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

4. PROCEDEMENTOS DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

4.A. DURANTE OS EVENTOS DE “ALTA AFLUENCIA” (VER PUNTO 1.5)

Establécese un PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS, con 6 fases:

1. EMERXENCIA
2. DETECCIÓN
3. COMUNICACIÓN
4. INTERVENCIÓN
5. INTERVENCIÓN DE SERVIZOS EXTERNOS DE EMERXENCIAS
6. SUSPENSIÓN-EVACUACIÓN / FIN DA EMERXENCIA

FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

1. EMERXENCIA

Materialízase unha emerxencia, podendo tratarse de:

A. INCENDIO
B. EMERXENCIA MÉDICA
C. AVALANCHA DE PERSOAS
D. NENOS PERDIDOS
E. AMEAZA DE BOMBA
F. SUCESOS DERIVADOS DE COMPORTAMENTOS ANTISOCIAIS
G. INUNDACIÓN POR ROTURA DE CANO
H. ESCAPE DE GAS
I. VEHÍCULO DE EMERXENCIAS NO ÁMBITO DO EVENTO
J. RISCO POR PREVISIÓN DE FENÓMENOS NATURALS

FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS DURANTE O HORARIO HABITUAL DE TRABALLO

2. DETECCIÓN

A detección dunha emerxencia será realizada por algunha persoa presente no evento, xa sexa alguén do público, do persoal da Organización, ou da Policía Local presente no evento.

FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

3. COMUNICACIÓN DA EMERXENCIA

Unha vez detectada unha emerxencia, a transmisión da situación deberá realizarse no menor tempo posible mediante un dos seguintes métodos:

- **COMUNICACIÓN DIRECTA**
- **RADIO** (Walkie Talkies)
- **TELEFONÍA MÓBIL**

De acordo ao seguinte Fluxo:



CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	DATA: 22/03/2024	
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024		

FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

4. INTERVENCIÓN

4.A EN CASO DE INCENDIO

Pode producirse un incendio: no escenario, nos equipos técnicos utilizados.

Unha vez recibida a comunicación da emerxencia, os membros do **E.P.I.** iniciarán a resposta inmediatamente, utilizando os extintores de incendios dispoñibles, e desconectando o grupo electrógeno.

O Persoal do **E.P.I.** desalojará de público a zona do escenario e do backstage, afastando ás persoas do perigo.

Informarase da situación ao **C.P.E.**

Se o Incendio é Extinguido, pasaremos á fase 6.B. FIN DE EMERXENCIA

Se o Incendio non é controlable, todo o persoal afastarase da zona de perigo e o **C.P.E.**, tendo en conta a información recibida, valorará a Situación de Emerxencia.

1. Realizará a chamada aos **Servizos Externos de Emerxencia (CAE112)**
2. Se hai feridos, o **C.P.E.** comunicará a súa situación ao **Equipo de Primeiros Auxilios (EPA)** (ver fase **4.B. INTERVENCIÓN EN CASO DE EMERXENCIA MÉDICA**)

En función da información recibida e da evolución da emerxencia, poderá ser necesario que o CPE ordene a suspensión/evacuación do evento.
(Ver fase **6.A. SUSPENSIÓN/EVACUACIÓN**)



4.B EN CASO DE EMERXENCIA MÉDICA

Calquera persoa que sufra un problema de saúde durante o evento será atendida inmediatamente.

Unha vez detectada a emerxencia, o primeiro paso é protexer á vítima, comprobando que non está nunha situación na que a súa integridade física corre perigo. (recibindo unha descarga eléctrica, preto dun incendio, etc...)

Unha vez recibida a notificación da emerxencia:

O **C.P.E.** enviará á zona a persoal do Equipo de Primeiros Auxilios (**E.P.A.**).

O **E.P.A.** valorará a emerxencia, e comunicará a necesidade de evacuar aos feridos ou a presenza de **Servizos Externos de Emerxencias**. O persoal do **E.P.A.** administrará os primeiros auxilios á vítima.

Informarase da situación ao **C.P.E.**



CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024		

FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

4. INTERVENCIÓN

4.C EN CASO DE AVALANCHA DE PERSOAS

Ante unha avalancha de xente, nos primeiros instantes débese de evitar que o suceso alcance maiores dimensións. Lanzaranse mensaxes a través da megafonía do evento chamando á calma e solicitando á multitude que retroceda.



Unha vez comunicada a situación, mobilizarase ao **E.P.A.**, e ao **E.P.I** para tratar de rescatar, socorrer e atender aos feridos producidos pola avalancha, comprobando que non queda ninguén atrapado ou en situación de perigo ou ferido de gravidade.

Tratarase de controlar a situación de desorde ou de caos que se desencadeou: O **E.P.I.** tratará de acoutar a zona de rescate para que o **E.P.A.** poida traballar con seguridade.

Os feridos serán atendidos in situ, ou serán evacuados en ambulancia a centro hospitalario.

O **C.P.E.**, asesorado polo **E.P.A.** e tendo en conta a situación:

1. Realizará a chamada aos **Servizos Externos de Emerxencia (112)**
2. Decidirá como proceder, ordenando a suspensión do evento seguindo o protocolo indicado na fase **6.SUSPENSIÓN / EVACUACIÓN.**

4.D EN CASO DE NENOS PERDIDOS

Cando se detecte a presenza dun neno extraviado, comunicarase inmediatamente ao Coordinador do Plan de Emerxencia (**C.P.E.**), ou ao persoal do Equipo de Primeira Intervención (**E.P.I.**) que permanecerán xunto ao menor durante uns minutos, á espera de que aparezan os seus pais ou titores.



Se pasados uns minutos os pais ou titores do neno non aparecen na zona na que foi atopado, Comunicarase a situación ao **COORDINADOR DO PLAN DE EMERXENCIA (C.P.E.)** e o menor será acompañado á zona da ambulancia, onde permanecerá acompañado á espera de ser recollido polos seus familiares. Se fose posible, o **C.P.E.** solicitará que sexa lanzada unha mensaxe por megafonía para avisar aos pais de que o neno foi atopado e a súa situación. Se pasado un tempo prudencial os pais ou titores non aparecen, o **C.P.E.** dará aviso ao persoal da Policía Local que poida estar presente no evento, ou a Policía Nacional 091.

No caso de que sexan os responsables dun menor desaparecido os que acudan ao persoal da Organización, informarase ao **C.P.E.** da situación, quen se encargará de que se comuniquen as características físicas do menor aos membros do **E.P.I.**, e ao persoal da Policía Local que poida estar presente no evento, que comezarán a buscar ao menor, discretamente. Se non aparece rapidamente, o **C.P.E.** dará aviso ao persoal da Policía Local e/ ou a Policía Nacional 091.

CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024 Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2 Páxina 27 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024


FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

4. INTERVENCIÓN

4.E EN CASO DE AMEAZA DE BOMBA

AMEAZA

A vía máis probable de recepción dunha ameaza de bomba é mediante unha chamada telefónica, aínda que se poderá orixinar unha situación de emerxencia pola recepción dunha carta anónima, a presenza dun paquete sospeitoso, ou outros medios.



RECOLLIDA DE DATOS.

Se a ameaza é recibida por vía telefónica, o receptor da chamada procederá a recoller a maior cantidade de datos posible.

AVISO AO COORDINADOR DO PLAN DE EMERXENCIA

A persoa que atenda a chamada inmediatamente procederá a avisar e informar ao **COORDINADOR DO PLAN DE EMERXENCIA (C.P.E.)**. Unha vez informado, o **C.P.E.**, porase en contacto co Corpo Nacional de Policía - 091, para que valoraren a veracidade da ameaza, e decidan a actuación a seguir:

SUSPENSIÓN DO EVENTO	FIN DA EMERXENCIA.
<p>Se o Corpo Nacional de Policía estima que a ameaza de bomba ten fundamento, estima que a ameaza de bomba ten fundamento, ordenará a suspensión do evento seguindo o protocolo establecido nas Fases 6.A.1.SUSPENSIÓN DO EVENTO e 6.A.2.EVACUACIÓN</p> <p>Especialistas do CNP (TEDAX-NRBQ) acudirán á zona para a detección, e no seu caso, desactivación, dos posibles artefactos explosivos.</p>	<p>Se o Corpo Nacional de Policía estima que a ameaza de bomba ten fundamento, estima que a ameaza de bomba carece de fundamento, dará fin á situación de emerxencia.</p> <p>Pasa a fase 6.B.FIN DA EMERXENCIA</p>

4.F EN CASO DE COMPORTAMENTOS ANTISOCIAIS

Calquera persoa da organización que detecte roubos, furtos, atracos, agresións, sabotaxe, disturbios públicos, etc. Avisará ao **Coordinador do Plan de Emerxencia** e/ou directamente ao **091**

Recibido o aviso da emerxencia:

- O **C.P.E.** avisará inmediatamente á Policía. Se houbera feridos, comunicará a súa situación ao **E.P.A.**



En función da información recibida e da evolución da emerxencia, poderá ser necesario que o **C.P.E. ordene a suspensión do evento.**
(Ver fase **6.SUSPENSIÓN / EVACUACIÓN**)

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABALLO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			


FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

4. INTERVENCIÓN**4.G EN CASO DE INUNDACIÓN POR ROTURA DE CANO**

En función da información recibida e da evolución da emerxencia, poderá ser necesario que o C.P.E. ordene a paralización momentánea da actividade ou a suspensión do evento.
(Ver fase 6.A. **SUSPENSIÓN DO EVENTO**)

**4.H EN CASO DE ESCAPE DE GAS**

A persoa que detecte a fuga encontrarse próxima ao lugar da emerxencia: Público, persoal, etc. A situación será comunicada inmediatamente ao C.P.E., quen pasará o aviso aos **Servizos Externos de Emerxencias** chamando a **CAE 112**, que dará aviso á empresa distribuidora e mobilizará ao Servizo de Extinción de Incendios se fose necesario.



En función da información recibida e da evolución da emerxencia, podería ser necesario que o C.P.E. ordene a suspensión do evento.
(Ver fase 6.A. **SUSPENSIÓN DO EVENTO**)

4.I EN CASO DE VEHÍCULO DE EMERXENCIAS NO ÁMBITO DO EVENTO

Se por calquera razón fose necesario que vehículos de emerxencias accedan á zona na que se celebra o evento (por exemplo por unha emerxencia nos edificios da praza), o C.P.E. debe valorar a paralización momentánea da actividade, dando aviso ao público mediante o sistema de megafonía, solicitando a súa colaboración para deixar o paso libre.



PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABAJO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

4. INTERVENCIÓN

4.J EN CASO DE PREVISIÓN DE RISCO POR FENÓMENO NATURAL

Inundacións, temporais de vento, treboadas, calor extremo, etc.

As Autoridades de Protección Civil establecen niveis de alerta por Risco Meteorolóxico de acordo á seguinte gradación:



Nivel Verde	Non existe ningún Risco Meteorolóxico
Nivel Amarelo	Non existe risco para a poboación en xeral, pero si para determinadas actividades concretas. Este nivel non dá lugar a un texto específico de aviso, senón que chamará a atención e remite a predición en vigor para a zona.
Nivel Laranxa	Existe un Risco Meteorolóxico Importante
Nivel Vermello	O Risco Meteorolóxico é Extremo

O C.P.E. consultará durante os días previos ao evento a previsión e as alertas meteorolóxicas para a zona en <http://www.axega112.org>

No caso de alertas de Nivel Laranxa ou Vermello, o C.P.E. poñerá en contacto coas autoridades de Protección Civil, para valorar con elas a posibilidade de cancelar o evento. (Axencia Galega de Emerxencias - 112),

Cando exista risco meteorolóxico de **Nivel Amarelo** (ou superior, sempre e cando as autoridades de Protección Civil autoricen a celebración del evento) tomaranse as seguintes precaucións:

PREVISIÓN DE CALOR EXTREMO	PREVISIÓN DE FORTES VENTOS	PREVISIÓN DE TREBOADAS
Valorar a posibilidade de proporcionar ao público material promocional como chapeus, pulverizadores de auga, etc... que poidan axudar a mitigar os efectos da calor.	Poderían verse afectadas as infraestruturas utilizadas para o escenario e o soporte dos equipos de luz e son, así coma as árbores da contorna. Consultaranse as instrucións do fabricante ao respecto, e/ou o plan de montaxe e utilización das estruturas, modificando a montaxe se fose necesario.	Un fenómeno repentino como unha tormenta ou sarabiada non prevista pode implicar a suspensión momentánea do evento: En caso de treboada eléctrica o escenario será evacuado. Lembrarase aos presentes que deben evitar gorecerse baixo árbores illadas, sendo o mellor refuxio o interior dos edificios, ou coches pechados.

Ante un evento repentino como unha treboada, o C.P.E., en función da evolución da situación, dará por finalizada a situación de emerxencia, ou ordenará a suspensión do evento. (Ver fase 6.A. SUSPENSIÓN DO EVENTO)

CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABAJO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	DATA: 22/03/2024	
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024		

FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS
5. INTERVENCIÓN DOS SERVIZOS EXTERNOS DE EMERXENCIAS

Se as características de emerxencia fixeran necesaria a presenza de Servizos Externos de Emerxencias:

- Servizo de Extinción de Incendios do concello de Vigo
- Ambulancias 061
- Policía Local
- Corpo Nacional de Policía

O Coordinador do Plan de Emerxencia:

- Realizará as chamadas necesarias para solicitar a axuda necesaria.
- Recibirá aos Servizos Externos de Emerxencias informándolles da situación á súa chegada, e indicándolles como chegar ao punto da emerxencia.

O Equipo de Primeiros Auxilios:

- Estarán dispoñibles para a colaboración cos Servizos Externos de Emerxencias.

FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS
6.A SUSPENSIÓN / EVACUACIÓN
SE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA NON PODE SER CONTROLADA:
6.A.1 COMUNICACIÓN DA SUSPENSIÓN

En función das características e evolución da emerxencia, o **C.P.E.**, decidirá a suspensión do evento.

**O AVISO DE SUSPENSIÓN DO EVENTO será realizado
a través do sistema de megafonía instalado no escenario**

**Darase un aviso claro e conciso informando da suspensión do evento.
O aviso será repetido durante varios minutos.**

Ante unha situación grave coma unha ameaza de bomba comprobada, seguiranse as indicacións proporcionadas pola Policía.

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABALLO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

6.A SUSPENSIÓN / EVACUACIÓN**SE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA NON PODE SER CONTROLADA:**

6.A.2

EVACUACIÓN

En función das características e evolución da emerxencia, o **C.P.E.** poderá decidir a evacuación do escenario/backstage, e/ou a zona de público. Avisarase previamente á policía.


Anunciarase a evacuación a través do sistema de megafonía do evento, utilizando a mensaxe indicada no Anexo 2:

¡ATENCIÓN POR FAVOR!
POR MOTIVOS DE SEGURIDADE
É NECESARIO EVACUAR A ZONA
POR FAVOR, DIRÍXANSE Á SAÍDA MÁIS PRÓXIMA.
GRAZAS POLA SÚA COOPERACIÓN.

O **E.P.I.** reforzará a mensaxe entre o público

Os membros do **E.P.I.** revisarán todas as estancias e zonas do escenario e o backstage, anunciando a evacuación en cada unha delas ás persoas que se puideron quedar atrás, dirixindo aos presentes cara á saída máis próxima. Revisaranse a fondo camerinos, aseos, etc...

Finalizada a evacuación, todo o persoal de emerxencias acudirá ao **punto de Reunión:**
Xunto á Ambulancia, na rúa Dr. Cadaval



Unha vez no punto de reunión o **C.P.E.** comentará cos equipos de emerxencias a evolución da evacuación e verificaranse as posibles ausencias e/ou lugares sen revisar.

Durante a evacuación das instalacións o persoal non permitirá a entrada de persoas á zona do evento, exceptuando aos membros dos Servizos Externos de Emerxencias.

CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	DATA: 22/03/2024	
CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO		
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

FASES DO PLAN DE ACTUACIÓN ANTE EMERXENCIAS

6.B. FIN DA EMERXENCIA

SE A SITUACIÓN DE EMERXENCIA FOI CONTROLADA:

O **C.P.E.** decretará o fin da emerxencia, en función do desenvolvemento da situación e a información recibida dos Equipos de Emerxencia e/ou os Servizos Exteriores de Emerxencia. O **C.P.E.** será que comunique a autorización para o retorno á actividade.

4.B. DURANTE OS EVENTOS DE “BAIXA AFLUENCIA” (VER PUNTO 1.5)

Os eventos que non teñen consideración de “alta afluencia” son actividades nas que a presenza de público se prevé moi reducida, debido as características propias de cada actividade, ó seu horario, e á súa capacidade de convocatoria. Durante estes eventos non se propón un Plan de Emerxencias como tal: A entidade responsable de cada actividade deberá xestionar de xeito básico (chamando a CAE112 se é necesario) calquera situación de emerxencia que poda ter lugar durante a súa actividade.

A organización porá a disposición de cada entidade responsable de actividades un extintor de incendios e un botiquín de primeiros auxilios na contorna da Batea.

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABAJO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024
		Ref. Documento: PAE-2406101814	Edición: 2
			Página 33 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

5. IMPLANTACIÓN DO PLAN DE EMERXENCIA

5.1. RESPONSABILIDADE

É responsabilidade da **PRODUCCIÓN TÉCNICA DO EVENTO** e do **SERVIZO DE AMBULANCIAS** a implantación do **PLAN DE EMERXENCIA** seguindo os criterios establecidos no presente documento, de modo que:

- A **PRODUCCIÓN TÉCNICA**, e o **SERVIZO DE AMBULANCIAS** proporcionarán os medios humanos indicados no punto 3.3, aos que se proporcionará copia do presente documento. Os medios humanos contarán cos medios técnicos e coñecementos necesarios indicados no punto 3.1.




Documento realizado por:

Pedro Murciego Delgado
Enxeñeiro Técnico Forestal Col. 785 no
C.O.E.T.F.G.
T.N. Superior PRL

PREVENTECNIA INGENIERÍA Y
AUTOPROTECCIÓN S.L.

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABAJO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024
EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024			

ANEXO 1 – DIRECTORIO TELEFÓNICO DE EMERXENCIAS

PERSOAL DE EMERXENCIAS		
C.P.E. COORD. DO PLAN DE EMERXENCIA		
E.P.I. EQUIPO 1ª INTERVENCIÓN Responsable: Pablo Soliño		652 055 239
E.P.A. EQUIPO PRIMEIROS AUXILIOS Responsable: Identificarase á súa chegada		

SERVIZOS EXTERNOS DE EMERXENCIAS		
EMERXENCIAS		112
SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS		080
AMBULANCIAS		061
POLICÍA LOCAL		092
POLICÍA NACIONAL		091
HOSPITAL MÁIS PRÓXIMO (ÁLVARO CUNQUEIRO) Estrada de Clara Campoamor, 341		986 811 111

Os teléfonos de contacto, actualizados en tempo real, estarán dispoñibles durante a celebración do evento na WebApp do Plan de Emerxencia, accesible na seguinte ligazón: <http://www.preventecnia.com/PEINFO/FTAC/>

PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABALLO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024

EVENTO: FESTIVAL TAC!- 13/06/2024 a 14/07/2024

ANEXO 2 – MENSAXE DE EVACUACIÓN

MENSAXE DE EVACUACIÓN

En caso de evacuación, se transmitirá a seguinte mensaxe a través do sistema de megafonía, de forma clara, repetíndoo polo menos 3 veces.

¡ATENCIÓN POR FAVOR!
POR MOTIVOS DE SEGURIDADE
É NECESARIO EVACUAR A ZONA
POR FAVOR, DIRÍXANSE Á SAÍDA MÁIS PRÓXIMA.
GRAZAS POLA SÚA COOPERACIÓN.

¡ATENCIÓN! POR FAVOR!
POR MOTIVOS DE SEGURIDAD
ES NECESARIO EVACUAR LA ZONA.
POR FAVOR, DIRÍJANSE A LA SALIDA MÁIS PRÓXIMA.
GRACIAS POR SU COOPERACIÓN.

ATTENTION PLEASE!
FOR SAFETY REASONS
YOU MUST EVACUATE THIS ZONE.
PLEASE TAKE THE NEAREST EXIT.
THANKS FOR YOUR COOPERATION.

 CONCELLO DE VIGO Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABAJO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024	Ref. Documento: PAE-2406101814 Edición: 2 Páxina 36 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

ANEXO 3 – COORDINACIÓN CON CONTRATAS

COORDINACIÓN CON CONTRATAS NORMAS DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA

O EVENTO “FESTIVAL TAC!” dispón dun Plan de Emerxencia. Como consecuencia da súa implantación hai unha serie de equipos encargados de intervir en caso de emerxencia, que dispoñen de formación e adestramento adecuados para desenvolver as funcións encomendadas. Agradecemos a súa colaboración en caso de emerxencia para garantir un resultado o máis satisfactorio posible.

SE VOSTEDE DETECTA UNHA EMERXENCIA

Se Vostede detecta unha situación anómala que poida dar lugar a unha emerxencia COMUNÍQUEO antes posible:

1. Ao responsable da Organización que estea presente.
2. Á central do 112 describindo a situación detectada.

EN CASO DE EVACUACIÓN DAS INSTALACIÓNS

Se fose necesario, o persoal designado para intervir en caso de emerxencia indicarlle verbalmente a orde de evacuación. Siga as súas instrucións.

- Diríxase á saída máis próxima deseguido e sen precipitacións.
- Deixe os equipos de traballo en posición de seguridade.
- Iniciada a evacuación non está permitido cambiar o sentido da marcha.
- Non leve obxectos que poidan dificultar a marcha.
- Non se deteña nas saídas.
- Unha vez no exterior diríxase ao **punto de reunión**: Na Praza do Colexio de Arquitectos.
- Mantéñase no grupo e permaneza alí ata que o Coordinador do Plan de Emerxencia comunique a autorización de retorno á actividade.

EN CASO DE EMERXENCIA MÉDICA

- No evento está dispoñible un botiquín nos horarios de baixa afluencia, e unha ambulancia e persoal sanitario nos horarios de alta afluencia. Consulte ao persoal da organización.

EN CASO DE INCENDIO

- No evento está dispoñible unha dotación de extintores, consulte ao persoal da organización.

EN TODO MOMENTO DE ACTIVIDADE NO RECINTO

Por seguridade teña presentes as seguintes instrucións en todo momento de actividade no recinto:

- **NON OBSTACULICE** en ningún momento os PERCORRIDOS e SAÍDAS DE EVACUACIÓN, así como o acceso a extintores, mangueras ou outro medio de loita contra incendios; cadros eléctricos, etc ... estes equipos deben estar sempre accesibles para a súa rápida utilización no caso de emerxencia.
- Observe a sinalización existente, comprobe as saídas e vías a utilizar e a localización do extintor máis próximo.
- Sempre que sexa posible, manteña unha zona de seguridade (sen elementos combustibles) ao redor dos aparellos eléctricos.
- Non sobrecargue os enchufes. Se utiliza "ladróns", "regletas" ou prolongadores para conectar diversos aparellos eléctricos a un mesmo punto da rede, consulte previamente ao persoal da produción técnica que estea presente.
- Se detecta calquera anomalía na instalación eléctrica ou de protección contra incendios, comuníqueo inmediatamente ao responsable da organización que estea presente.
- Manteña o seu lugar de traballo limpo e ordenado.
- Ante calquera cheiro sospeitoso ou superficie excesivamente quente, avise ao responsable do centro que estea presente.
- Inspeccione o seu lugar de traballo ao finalizar a xornada. Se é posible desconecte os aparellos eléctricos que non sexa imprescindible manter conectados.

CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABALLO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	DATA: 22/03/2024	
CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024		

ANEXO 4.1 – PRODUCCIÓN TÉCNICA DO EVENTO

CERTIFICADO DE IMPLANTACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA



DATOS DA ACTIVIDADE	
ESPAZO:	VÍA PÚBLICA - PRAZA DA PORTA DO SOL
ENDEREZO COMPLETO:	Praza da Porta Do Sol, s/n
ACTIVIDADE OU USO:	Actividades socioculturais na vía pública
EVENTO:	FESTIVAL TAC!
DATAS:	13/06/2024 a 14/07/2024

EN REPRESENTACIÓN DA PRODUCCIÓN TÉCNICA:	
NOME:	
NIF:	
ENDEREZO COMPLETO:	
TELÉFONO:	

CERTIFICO: que a empresa _____, realizou a implantación da parte que lle corresponde do PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA (Edición 1 – PAE-2406101814), proporcionado pola CONCELLERÍA DE PATRIMONIO HISTÓRICO do Concello de Vigo, nos termos que se recollen no citado plan.

Os medios técnicos e humanos indicados a continuación estarán dispoñibles no recinto durante a actividade prevista:

MEDIOS TÉCNICOS
<ul style="list-style-type: none"> ▪ 4 Extintores de Incendios

MEDIOS HUMANOS
<ul style="list-style-type: none"> • Equipo de Primeira Intervención composto por 2 persoas. Durante os eventos de maior afluencia (ver Programa de Actividades por Data no punto 1.5 do presente documento)

Os medios humanos contan cos coñecementos necesarios para o correcto desenvolvemento das funcións establecidas no Plan de Actuación en Caso de Emerxencia.

Firmado, en Vigo, a

 CONCELLO DE VIGO Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA		
	CENTRO DE TRABAJO: PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	CONCELLERÍA: PATRIMONIO HISTÓRICO	

EVENTO: FESTIVAL TAC!– 13/06/2024 a 14/07/2024

ANEXO 4.2 – SERVIZO DE AMBULANCIAS

**CERTIFICADO DE IMPLANTACIÓN DO
PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA**

DATOS DA ACTIVIDADE	
ESPAZO:	VÍA PÚBLICA - PRAZA DA PORTA DO SOL
ENDEREZO COMPLETO:	Praza da Porta Do Sol, s/n
ACTIVIDADE OU USO:	Actividades socioculturais na vía pública
EVENTO:	FESTIVAL TAC!
DATAS:	13/06/2024 a 14/07/2024

EN REPRESENTACIÓN DO SERVIZO DE AMBULANCIAS:	
NOME:	
NIF:	
ENDEREZO COMPLETO:	
TELÉFONO:	

CERTIFICO: que o **SERVIZO DE AMBULANCIAS** _____ realizou a implantación da parte que lle corresponde do **PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA** (Edición 1 – PAE-2406101814), proporcionado pola **CONCELLERÍA DE PATRIMONIO HISTÓRICO** do Concello de Vigo, nos termos que se recollen no citado plan.

Os medios técnicos e humanos indicados a continuación estarán dispoñibles no recinto durante a actividade prevista:

MEDIOS TÉCNICOS
UNHA AMBULANCIA SVB, TIPO B Durante os eventos de maior afluencia (ver Programa de Actividades por Data no punto 1.5 do presente documento)

MEDIOS HUMANOS
<ul style="list-style-type: none"> • 2 Técnicos en Emerxencias Sanitarias

Os medios humanos contan cos coñecementos necesarios para o correcto desenvolvemento das funcións establecidas no Plan de Actuación en Caso de Emerxencia.

Firmado, en Vigo, a


PLAN DE ACTUACIÓN EN CASO DE EMERXENCIA			
CONCELLO DE VIGO  Praza do Rei, 1, 36202 Vigo 986 810170	CENTRO DE TRABAJO:	PRAZA DA PORTA DO SOL Concello De Vigo	
	CONCELLERÍA:	PATRIMONIO HISTÓRICO	DATA: 22/03/2024
		Ref. Documento: PAE-2406101814	Edición: 2
			Página 39 de 39

EVENTO: FESTIVAL TAC!- 13/06/2024 a 14/07/2024

ANEXO 5 - PLANOS

PLANOS

1. PLANO DE SITUACIÓN
2. PLANO DESCRIPTIVO
3. ELEMENTOS E/OU INSTALACIÓNS DE RISCO
4. SISTEMAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN
5. VÍAS DE EVACUACIÓN



● PRAZA DA PORTA DO SOL












LENDA

- ESCENARIO
- MIXER
- CADRO ELÉCTRICO
- ZONA PÚBLICO (950 m²)



LENDA

-  EXTINTOR
-  VALADO PERIMETRAL
-  AMBULANCIA
[EVENTOS DE ALTA AFLUENCIA, VER PUNTO 1.5]
-  HIDRANTE SUBTERRÁNEO
-  FRANXA DE 4 METROS DE ANCHO DESPEXADA DE OBSTÁCULOS PARA GARANTIR O PASO DE VEHÍCULOS DE EMERXENCIA EN TODO MOMENTO

**PLAN EMERXENCIA
FESTIVAL TAC!**
PRAZA DA PORTA DO SOL - VIGO




PLANO: SISTEMAS E MEDIOS DE AUTOPROTECCIÓN
Rev. 1 ESCALA: 1:500

DATA: XUÑO 2024

REALIZADO POR: Pedro Murciego Delgado
Técnico Superior en PRL
Enxeñeiro Técnico Forestal
Colexiado nº 785 - C.O.E.T.F.G.

PLANO nº: **4**



**PLAN EMERXENCIA
FESTIVAL TAC!**
PRAZA DA PORTA DO SOL - VIGO



PLANO:
VÍAS DE EVACUACIÓN

Rev. 1 ESCALA: 1:500
DATA: XUÑO 2024

REALIZADO POR: Pedro Murciego Delgado
Técnico Superior en PRL
Enxeñeiro Técnico Forestal
Colexiado nº 785 - C.O.E.T.F.G.

PLANO nº:
5